

Falamus!



Voceiro do Equipo de Dinamización da língua galega do Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño de Ferrol **Nº 9**
Xuño 2017

Xan Viaño SOLIDARIO I SEMANA DO PIANO



que foi de...?

DÍA DA PAZ

Biblioteca José Fontenla Leal

Falamus!

E coma sempre nestas datas, xa temos moi cerca o final do curso e penso que é interesante facer unha análise de feitos relevantes que afectan ao funcionamento do Conser.

Unha das finalidades dun centro educativo é estimular a sensibilidade, imaxinación, creatividade, etc. neste caso musical, dos seus alumnos.

Quero deixar constancia desta reflexión a conta do acontecido no concurso de creación musical que organiza o departamento de Composición.

No acto de entrega dos premios, que foi o día 16 de maio, xunto coa conmemoración do día das Letras Galegas, tivemos oportunidade de ver e escoitar o traballo dos alumnos e alumnas que decidiron presentar ás súas composicións, e quero dicir que foi xenial, espectacular (aproveito para felicitar a Ermitas e Alma que organizaron o acto). Tivemos a sorte de escoitar e ver pasar polo escenario do salón de actos alumnos de GE e GP cunha imaxinación e sensibilidade moi grande, foron traballos dos que todo o centro temos que sentirnos orgullosos xa que reflexa a educación e a creación musical que tódolos profesores (é un traballo colectivo) somos capaces de inculcar aos alumnos deste centro.

Tivemos o pracer de contar coa presenza de Dorothé Schubart, autora do libro “Os cantos do Mar” e quedou, igual que todos nós, impresionada coa creatividade dos nosos alumnos e alumnas, quixo deixar constancia do traballo moi positivo que se fai no centro.

Non quero rematar sen felicitar aos alumnos que van rematar GP, e tanto aos que van a facer probas por Conservatorios Superiores como aos que enfocan a súa vida a outros estudos, desexarlles moita sorte e que o seu paso polo Conservatorio quede gravado no fondo do seu corazón. Estaremos moi satisfeitos si é así.

director, Francisco San Ramón Calvo.

Falamus!: Avda do Mar 4-6, Esquina con Telleiras, Caranza-FERROL

Teléfono: 981 333 317- 618 619 001

Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmusxanviano>

Mail: cmus.xanviano@edu.xunta.es

Edita: CMUS Xan Viaño de Ferrol

Maquetación: Yaiza Caride Rodríguez (alumna Ciclo superior de Deseño e Edición de Publicación Impresas e Multimedia do IES Leixa)

Agradecementos: Graciñas a todos os que de un xeito ou outro fixestes posible a edición desta revista.

Moitísimas gracias ao Ciclo superior de Deseño e Edición de Publicación Impresas e Multimedia do IES Leixa, en concreto a María Salas, por colaborar na realización desta edición de Falamus.

Falamus non se fai responsábel das opinións dos colaboradores.

SUMARIO

XAN VIAÑO SOLIDARIO

6

BIBLIOTECA

7

LEMBRANDO A ROBERTO CASTELEIRO

9

DÍA DA PAZ

11

ARTEDUCA

12

DÍA DA MULLER


13

O PEQUE CORO

15




17 CONCERTOS DIDÁCTICOS





ENCLAVE
I SEMANA NO PIANO
CONCERTOS EN CEDEIRA E CULLEREDO
ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA



21 TÓCAA OUTRA VEZ XAN



23 PREMIADOS XAN VIAÑO



IX CONCURSO DE PIANO
XIII EDICIÓN DO CONCURSO "XAN VIAÑO" DE CREACIÓN MUSICAL

26 QUE FOI DE...?






VURA MUSIC PROJECT



29 ENTREVISTAMOS A

MARTA ALONSO
VANESSA DOMÍNGUEZ
RAFA PEREIRA





XAN VIAÑO SOLIDARIO

O xoves 15 de decembro o CMUS Xan Viaño, visitou o centro de día da asociación Afal Ferrolterra, Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Ferrol e Comarca. Celebramos con eles a festa de Nadal, cun concerto protagonizado con alumnos de piano e violín.

Houbo poesía e música, e xuntos cantamos e tocamos unha coñecida panxoliña. A misión de AFAL é mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por Alzheimer e outras demencias, así como a das súas familias, e a está comprobado que a interacción de maiores e nenos resulta satisfactoria para ambos, e máis aínda se hai música de por medio.

Ao día seguinte, o venres 16, alumnos de arpa, violín e piano participaron noutro concerto de Nadal, esta vez na residencia Geriatros de Ferrol. Os maiores, gozaron da música dos nosos alumnos e foi todo un éxito! Despois de tocar e cantar todos xuntos unha panxoliña, os nenos ensinaron os instrumentos aos residentes, e os invitaron a que probasen a totalos. Foi unha experiencia maravillosa ver como os nenos axudaban aos maiores e compartían con eles os seus coñecementos, así como tamén ver a ilusión e o agarimo no rostro dos anciáns.

En ambos centros tratáronnos con moito agarimo, e foi unha experiencia tan enriquecedora musical e emocionalmente, que seguro que repitiremos moi pronto.



BIBLIOTECA

JOSÉ FONTENLA LEAL

EQUIPO DE APOIO Á BIBLIOTECA

O equipo de apoio á biblioteca é quen traballa en coordinación ca responsable da mesma para a consecución dos obxectivos establecidos no proxecto e a posta en marcha das actividades programadas. Durante o curso 2016-17 Loreto Pérez, Emma Urago e Pablo Salgueiro foron este equipo de apoio.

Ter un equipo de biblioteca ademais de ser interesante e enriquecedor permite avanzar máis rápido no “proxecto de biblioteca 2016-2020” aprobado o curso pasado e á vez poder dar respostas máis rápidas ás necesidades do día a día.

Dentro do proxecto, o equipo estamos a dar prioridade a tres aspectos:

- a) á mellora da catalogación e do control dos fondos
- b) á mellora da sinalización
- c) á reestruturación de espazos


Respecto ao primeiro punto, o equipo incorporou no que vai de curso os elementos de control que xa vos comentamos o curso pasado en 630 fondos: códigos de barras, puntos vermellos para indicar material anexo e papel para anotar datos do lector e número de rexistro emprestado.

Tamén se está a introducir no programa MEIGA o ISBN de cada fondo (D.L. no seu defecto) pois permite enriquecer a ficha de cada rexistro na OPAC (catálogo en liña) e facer buscas máis efectivas. É un tema interesante en especial para a nosa biblioteca que naceu cunha organización por número currens, é dicir, que catalogamos os fondos (libros, partituras e pronto audiovisuais) na orde en que entran e non pola orde alfabética de título ou autor.

Á data 27 de marzo fixemos un 10'5% dos fondos da biblioteca: sabemos que é un proceso lento pero creemos necesario para un bo funcionamento do servizo de empréstito.

No apartado da mellora da sinalización o obxectivo é claro: poder acadar unha localización doada dos fondos. Deste xeito, numeramos os andeis na

esquina superior esquerda e fixemos carteis provisionais coa distribución temática dos fondos. Son provisionais pois estamos á espera de que cheguen dous andeis novos xa pedidos a principios de curso para as materias de “Interpretación” e “Literatura” que por certo está a medrar moito.




Tamén estamos a estudar a adquisición de marcadores verticais que permitirían localizar rapidamente as materias engadindo algún sistema pictográfico.

De xeito paralelo, comezamos a renovar as etiquetas estragadas e estamos a colocar fixo en todas elas para facelas máis duradeiras. Desde o pasado mes de xaneiro estanse a incorporar etiquetas de cores segundo a clasificación existente. Non é traballo doado tendo en conta que a biblioteca está a funcionar e os fondos empréstanse e devólvense continuamente.



Por outra banda, Javier Gómez, o noso compañeiro de arpa durante o curso pasado, fíxonos uns carteis coa explicación dos códigos das materias que se colgarán cando os andeis estean na súa localización definitiva.



O último apartado é o referido á reestruturación de espazos. Aquí o obxectivo final é a creación dun espazo de lectura-escoita informal, onde co tempo terán o seu sitio os fondos audiovisuais debidamente catalogados, unha zona cómoda para escoitar música e/ou ler, así como andeis novos para algunhas das publicacións periódicas.

Debe ser unha zona cun mobiliario funcional que permita acoller charlas, reunións e mesmo pequenos concertos nun ambiente agradable e atractivo.

Intentouse optimizar o espazo colocando os revisiteiros, os fondos "M" (Manuscritos e fondos valiosos) e o Fondo "Xan Viaño" xunto cas partituras e libros á vez que as entradas de luz quedaban o mais libres posible. As obras de referencia e consulta colocámolas todas xuntas, cerca dunha mesa plana para poder traballar comodamente.



No plano a colocación das mesas e dalgún dos andeis non é real; tampouco as cores elixidas para o posible mobiliario mais a idea de ter un lugar onde relaxarse e poder gozar da lectura e a escoita é clara.

Con todo isto e algunha cousa mais estivemos entretidos o equipo de biblioteca durante este curso. Por certo, se tes algunha idea ou suxestión sempre será benvida e podes facela chegar ao equipo de biblioteca cun correo electrónico: bibliotecajosefontenlaleal@gmail.com.

LEMBRANDO A

ROBERTO CASTELEIRO

O 19 de xaneiro ás 18:00 h no Auditorio do CMUS Xan Viaño de Ferrol tivo lugar unha entrañable homenaxe a Roberto Casteleiro, actor, director e historiador nado en Ferrol, e recentemente falecido en setembro do 2016. Coñecido tamén como “Caladiño” polo seu papel na película “Sempre Xonxa”, Roberto Casteleiro estivo sempre fortemente unido ao mundo da cultura, da arte e polo tanto da música, polo que dende o Equipo de Normalización Lingüística do conservatorio en colaboración con Andrés Santalla e a Comisión de Amigos de Roberto Casteleiro, organizóuselle unha humilde homenaxe na que se intercalaron capítulos da súa vida con música interpretada por alumnos de piano, violoncello e canto.

Roberto Casteleiro naceu en Ferrol o 14 de xuño do 1939. Era un neno miúdo, especial, observador... non lle gustaba xogar ao fútbol, prefería ler, escoitar música, pensar e falar.

Roberto tivo a sorte de vivir comodamente nun Ferrol castigado pola fame e a pobreza, xa que o seu pai estivera de emigrante traballando nas Américas.

A súa paixón pola música ven dende moi pequeno a través dos discos de gramófono que soaban na súa casa, discos que trouxera o seu pai de América, e tamén a través da súa nai, que tocaba o violín. A ópera foi sempre unha das súas paixóns, especialmente as de Mozart: Roberto adoitaba asistir ata a tres pasas da mesma representación! Casteleiro estuda na Escola Obreira, coñecida

como “Escola dos cagóns” e despois na Escola de Aprendices, na sección de electricidade porque foi un dos dez mellores da súa promoción. Esta profesión no é para él, e as súas fortes inquedanzas por estudar fan que loite e consiga instaurar o Bachelato nocturno no instituto Concepción Arenal de Ferrol, sendo un dos primeiros alumnos de Ferrol.

Tras superar os seus estudos de Bachelato, marcha á Universidade de Barcelona con 30 anos, onde se licencia en Historia. Alí en Barcelona, cidade a que estará sempre fortemente unido, descobre un novo mundo cheo de cultura, arte... que lle da unha nova visión da vida. A súa tesina de fin de carreira adicoulla á dura vida dos obreiros da Colonia Güell, e a arte de Gaudí.

Roberto regresa a Ferrol e imparte clases no Instituto de FP Marqués de Suanes e crea no ano 1980 unha biblioteca de máis de 3.000 libros.

Despois, aproba as oposicións de profesor de Historia e marcha ao instituto de FP do Barco de Valdeorras “Lauro Olmo” en Ourense. Alí a súa chegada supón toda unha revolución. No instituto faise cargo do grupo de teatro, primando sempre o protagonismo colectivo, e levando o teatro ás rúas do Barco e comarca. Representa obras de Federico García Lorca en galego, como “Doña Rosita la Soltera” e “La casa de Bernarda Alba” e obras de Eduardo Blanco Amor como “Anxélica no umbral do ceo” entre outras.



Roberto coa súa forza e a súa visión consegue sacar o mellor de cada persoa e alentar aos seus alumnos a que loiten polo que desexan ser.

Como bo profesor que é, non se conforma con dar a súa materia seguindo un libro, se non que anima e motiva aos seus alumnos a que pensen por si mesmos.

Roberto foi sempre un gran amante do cine. Ensinou a moita xente como comezou o cine a partir das artes e do circo, a través de personalidades como Meliés, Chaplin e Buster Keaton. En Ferrol, pasaba moitas películas no Ateneo Ferrolán co seu amigo Varela, outro obreiro da Bazán.



O director de cine Chano Piñeiro, coñece a Roberto e enseguida lle ofrece participar na súa película Sempre Xonxa, no papel do personaxe Caladiño, un personaxe que representa realmente a esencia do propio Roberto Casteleiro. A película foi rodada nunha pequena aldea de Petín de Valdeorras e foi unha das primeiras longametraxes rodadas en galego.



Estréase en novembro do 1989 e foi todo un éxito.

Roberto Casteleiro, descobre e saca á luz a obra de importantes artistas non recoñecidos, como son José Rubia Barcia, Xoan Braxe e Daniel Cortezón:
- José Rubia Barcia, foi un escritor e poeta nado en Ferrol, pero que se exiliou en México onde traballou con Buñuel. Logo moveuse a Los Ángeles, levando a cátedra de Galego-Portugués.

Xoan Braxe, é un artista e gran amigo seu tamén de Ferrol. Carpinteiro de ribeira de Bazán, ten importantes esculturas en Ferrol como “Madonna” na Rúa Villa Soledad, a “Fonte dos golfinhos” no porto e o “Monumento ao 10 de marzo”. En Neda tamén se atopa o monumento ao médico “Don Paco de Merced”.

- Daniel Cortezón, foi un importante escritor dramaturgo de Ribadeo con obras sobre a historia de Galiza, como “Irmandiños” e “Pedro Madruga”, que Casteleiro representou nos festivais de teatro do Castelo de Moeche. Aquí en Moeche, actuaban ata 20 familias, actuando dende nenos de 3 anos ata maiores de 60.

O pasado setembro do 2016, Roberto falece aos 77 anos en Barcelona. Tras a súa marcha, nace a Comisión Amigos de Roberto Casteleiro, e o 10 de decembro realízase unha emotiva homenaxe no teatro Jofre, onde acuden personalidades de toda Galicia (amigos de O Barco de Valdeorras, Petín de Valdeorras, Ribadeo, Moeche e Ferrol)

Roberto Casteleiro, gran coñecedor da historia, da ópera, do cine, do teatro... falador incansable, crítico co mundo, coa sociedade... sensibilidade máxima... capaz de acariciar e “pellizcar” na alma das xentes.



O QUE ACONTECEU NO DÍA DA PAZ

VII música pola paz

Unha das celebracións que máis nos gusta festexar no Xan Viaño é a Semana da Paz, e este ano fixémoslo por todo o alto. Tivemos dúas tardes de concertos no auditorio do noso conservatorio, onde actuaron alumnos das especialidades de frauta, guitarra, canto, violoncello e piano, coa fiel participación de Crisanto e os alumnos do Taller de Música Moderna por sétimo ano consecutivo.

Nestas xornadas de Música pola Paz VII, colaboramos un ano máis coa Cocina Económica de Ferrol, recollendo alimentos para esta asociación sen ánimo de lucro que alimenta diariamente a moitas persoas de Ferrol e comarca.



Ademáis, houbo unha terceira cita especial no Auditorio de Ferrol, onde actuaron as grandes “peque” agrupacións do Conservatorio: A Peque Banda, A Peque Orquestra e O Peque Coro do Xan Viaño, baixo a dirección de Jorge Montes, Esther Andrés e Catuxa e Alexandra Pita respectivamente.

O forte temporal que sacudiu Ferrol ese venres 3 de febreiro, non impediu que un importante número de público asistise ao concerto, onde tivemos a oportunidade de escoitar xuntos nun mesmo conxunto ao

Peque Coro e á Peque Orquestra e tamén ao Peque Coro coa Peque Banda. Pasaron polo escenario máis de 170 pequenos e foi todo un éxito.

Contamos tamén coa colaboración especial da Radio Galega, que estivo no auditorio gravando todo concerto.

Dende Dinamización da Convivencia, queremos agradecer un ano máis a todos os alumnos e profesores participantes, a ANPA e á Asociación Recreativa e Cultural de O Peque Coro do Xan Viaño.



ARTEDUCA

RECONSTRUINDO GALLAECIA CON MÚSICA

As 19:00 horas do 24 de Febreiro, un Conservatorio de Vila Nova de Famalicão chamado Arteduca ofreceunos un concerto no que se mostrou unha enerxía e frescura incomparables, contaxiaron ao público a paixón pola música e fixeronnos disfrutar durante todo o concerto. As dúas últimas pezas foron moi simbólicas, “Uma casa Portuguesa” que é un coñecido fado portugués, e “Muiñeira de San Paio”, coñecida peza da música da nosa terra. Pero por se fora pouco os alumnos de violín e viola do conservatorio Xan Viaño foron convidados a participar con eles nestas dúas últimas pezas, e o resultado foi espectacular.



Pero todo isto non foi só un concerto, foi unha convivencia e unha experiencia entre o alumnado portugués e o noso, que esperamos sexa inesquecible. Coñecer a realidade doutros centros e doutros sistemas de educativos, romper a barreira e mergullarse no idioma dos convidados, experimentar como traballan eles, son só uns exemplos das moitas cousas que puideron experimentar os participantes do noso centro.



Ao día seguinte ao concerto, unha clase de grupo impartida polos profesores convidados (por se houbera dubidas a clase foi en portugués), unha visita ao Museo Naval e unha comida todos xuntos foi a ruta que seguiu esta actividade, co Equipo de Normalización Lingüística e a directiva do centro ao pe do cañón. Grazas.

Brais García, Laura Gómez, Eloy Lago, Nina López, Helga Magallanes, Nélica Santiago, Elisa Sardiña, Eva Somolinos e Martín Suárez. MOITAS GRAZAS por participar neste intercambio.

Afonso José Freitas, Bárbara Carolina Silva, Catarina Maria Correia, Diogo Pinto, Joaquim Miguel Granja, Mafalda Costa, Mafalda Costa, Mafalda Magalhães, Mafalda Robalo, Maria Ana Goulão, Maria João Teixeira. OBRIGADOS a vós os alumnos e aos vosos profesores, Margarida Gomes, Elisabete Gomes, Natércia Ribeiro, Melanie Fernandes e Flávio Azevedo.



Grazas por ter feito o esforzo e compartir con nós estes momentos.

O QUE ACONTECEU NO DÍA DA MULLER

O pasado 8 de marzo celebrouse o Día Internacional de Muller no noso Conservatorio.

O día da muller, instaurado pola ONU en 1975 tiña, no contexto da revolución industrial, a intención de reclamar a igualdade para as mulleres traballadoras. Precisamente foi un 8 de marzo de 1875 cando centos de mulleres traballadoras, dunha fábrica textil de Nova York, marcharon para protestar polos baixos salarios (menos da metade do que cobraban os homes) e sufriron a brutalidade policial que provocou a morte de cento vinte delas.

Actualmente, a violencia de xénero que tan só nos meses de xaneiro e febreiro costoulle a vida a 20 mulleres, a brecha salarial que en España é de ata un 30%, a existencia dun teito de cristal que dificulta ás mulleres acceder a cargos de responsabilidade, a dificultade da conciliación familiar e laboral, a maior carga das responsabilidades domésticas, etc, son algunhas das moitas inxustizas que fan do día 8 de marzo unha data importante para reivindicar o papel da muller na sociedade.


No Xan Viaño realizáronse varios actos neste día para facer visibles as mulleres na sociedade.


O CMUS Xan Viaño uníuse ao chamamento #nosotrasparamos, a facer un paro internacional de mulleres de 12:00 a 12:30. A esa hora, moitas das profesoras do noso CMUS interrompiron a súa actividade para secundar o paro. Foi unha alegría enorme para elas que tamén un par de compañeiros, Paulo Rodríguez (prof. de piano) e José Fernández (prof. de trompa), quixeran apoiar a xornada de reivindicación feminina uníndose a o paro tamén eles.

Un pouco máis tarde celebrouse unha comida á que asistiron Begoña Álvarez, M^a Esther Andrés, M^a José Carralero, Marta Couce, Aranzazu García, Ermitas García, Loreto Pérez, Catarina Pita, Iria Rico e, por suposto, Emma Urango que foi quen propuxo a celebración. Outras compañeiras desexaban asistir pero compromisos familiares impedíronllo. A comida foi todo un éxito e as asistentes pasárono fenomenal de xeito que quedouse en repetir a experiencia todos os anos polas mesmas datas.

A derradeira das actividades deste día da muller foi unha lectura dun manifesto que reivindicaba a igualdade para as mulleres e á que asistiu bastante público.

A Asociación recreativa O Peque Coro do Xan Viaño colaborou neste día decorando o CMUS e ofrecendo unha merenda aos cativos presentes. Que sorte temos no Xan Viaño de ter persoas como Chacho sempre dispostas a botar unha man!





Loreto Pérez Sánchez. Dinamización da Convivencia e Prof. de piano.

O PEQUE CORO

UN ANO MÁIS...

Un ano máis, grazas aos pais amigos e fans do Peque Coro, que son os que dan corpo á Asociación Cultural e Recreativa O Peque Coro, puidemos levar a cabo este curso 2016-17 moitas iniciativas, sen olvidarnos do apoio da dirección do conservatorio e como non dos conserxes que sempre son un eslabón desta cadea moi importante.

Organizamos sorteos de cestas, tanto en Nadal como no Entroido. Os días extraordinarios de ensaios sempre aproveitamos para organizar actividades de convivencia, cine, xogos, master chef, etc. Tamén intentamos dinamizar a vida do conservatorio conmemorando e celebrando o Patrón dos Músicos (onde durante unha semana endulzamos aos alumnos do conser con chuches), Día da Muller (onde organizamos o primeiro concurso 8 de Marzo).

A través do noso departamento de prensa intentamos publicitar e dar eco do traballo dos alumnos e gravamos e editamos: os alumnos que participaron en Intercentros en CMUS de Lugo, os alumnos que actuaron na residencia Xeriatros por Nadal, a TMM no concerto que deron no IES Concepción Arenal, todos os concertos de O Peque Coro, o Concurso de Bandas Sonoras “Tócaa outra vez Xan”, etc.

Tamén colaboramos estreitamente co Conservatorio tanto no III Encontro Coral Infantil, no Campamento Surfcamp-Coral. como no Blog da Biblioteca.

Outro ano máis sacaremos adiante o CD e a Orla de O Peque Coro.

Tamén realizamos diversas colaboracións con outras asociacións que por citar algunha, coa Escola de Música Sementeira a que lle doamos un moble para os fagots.





Celebra o Patrón dos Músicos
Santa Cecília
22 de Novembro

Envíate unha foto tua divertida co teu instrumento, e colocámosla no wallbulo do colexatorio para que vexas a túa amiga que ben o pasan co máis deca.

Podés rexistrarte a través de:

WhatsApp: +34 854 402 669

Correo electrónico: brunopiquero@gmail.com

Associação Galega de Escolas
COLEGIO



CONCERTOS DIDÁCTICOS DO XAN VIAÑO



ENCLAVE

16/3/17

O pasado mes de marzo, a colectiva de Grado Elemental de violoncello e contrabaixo asistiu ao concerto do grupo de Cámara EnClave, formado por guitarra, contrabaixo e marimba. Desprazámonos a pe ata o campus da Universidade de Esteiro dando un agradable paseo.

A sala non era moi apropiada para un concerto, demasiado alongada, cunha profundidade máis axeitada para conferencias, e pouca iluminación. Ao menos as butacas eran cómodas.

Chegamos antes para poder ver como ensaiaban. Unha vez comezado o concerto disfrutamos dun repertorio de tangos, algúns descoñecidos para

min, a maioría descoñecidos para os alumnos. Gardel e Piazzolla foron interpretados maravillosamente, con ritmo e un carácter porteño que lles facía máis arxentinos que españois. Oblivión que é unha das obras do repertorio máis aplaudida foi interpretada cunha versión orixinal e nada previsible. As melodías ían dun instrumento a outro de maneira flexible e expresiva.

Foi unha experiencia positiva para todos os que acudimos a ver a Ximo Pallás, o noso profe de contrabaixo, facendo os baixos, ritmos e melodías de tangos como Adiós Nonino, El día que me quieras ou Verano Porteño. Recomendable.

Emma Urango

I SEMANA DO PIANO

O Departamento de piano organizou durante os días 3,4,5 e 7 de abril a I Semana do Piano coa programación dunha serie de actividades e audicións dirixidas ao seu alumnado, co propósito de enriquecer a súa formación e de fomentar a súa convivencia.

A I Semana do Piano inaugurouse co obradoiro “Coñece o teu instrumento” impartido pola afinadora e técnica de pianos Marta Paz onde puidemos aprender como funciona un piano, como se afina, cal é o seu correcto mantemento, etc.

Os días 4 e 5 foron días de audicións onde participaron alumnos de todos os profesores do departamento. Foi moi positivo, o poder escoitarse uns aos outros nestas audicións en conxunto onde os alumnos se coñecen e escoi-

tan repertorio pianístico, incentivando enormemente a súa motivación.

O venres día 7 tivo lugar como peche final da semana, un interesantísimo “Obradoiro de Gravación” impartido polo profesor de piano Miguel Sancho, onde o noso auditorio se convertiu nun auténtico estudo de gravación onde os alumnos pudieron gravar as súas interpretacións e aprender sobre todo proceso.

O Departamento agradece enormemente a especial colaboración da técnica de pianos Marta Paz e do profesor Miguel Sancho, así como a implicación do resto de profesores, dos alumnos e das súas familias, nesta I Semana do Piano, que tras o éxito obtido, augúrase como a primeira de moitas no futuro.



CONCERTOS EN CEDEIRA E CULLEREDO



O pasado mércores 22 de marzo os alumnos de Conxunto, Cámara e Coro de Profesional do noso conservatorio, partiron a Cedeira para realizar unha audición e poder intepretar as obras que traballaron durante as clases, sendo este o segundo ano que realizamos o concerto no Auditorio de Cedeira. O día non se presentaba moi bo, a previsión metereolóxica era mala coa entrada dun temporal moi forte con vento e auga, pero afortunadamente durante o traxecto luciu o sol que fixo moi agradable a viaxe.

Continuando coa idea de amosar o traballo realizado, os alumnos da Orquestra de profesional tocaron o 3 de maio no Conservatorio de Música de Culleredo, acompañados na segunda parte pola orquestra deste conservatorio.

As interpretacións foron moi interesantes e os alumnos fixeron un gran papel.

Alejandro Cabalar

ENSAIO ORQUESTRA

SINFÓNICA DE GALICIA

CRÍTICA ENSAIO OSG

O pasado xoves día 23 de marzo asistimos a un ensaio da Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG). Baixo a batuta de Jesús López Cobos escoitamos a Sinfonía alpina de Richard Strauss e o Concerto nº1 para clarinete e orquestra de Carl Maria von Weber, interpretado por Juan Ferrer.

O director fixo unha breve introdución á Sinfonía alpina, explicando que os diferentes temas musicais están asociados a elementos que o compositor percibe no ascenso aos Alpes Bávaros. A continuación, amosounos como soa cada un deles e cales son os instrumentos que os interpretan.

Pareceume un acerto facer estas explicacións antes de escoitar a obra completa, xa que axudounos a entender mellor o discurso musical. Ademais esta obra ten unha gran orquestración, polo que podemos disfrutar da OSG en todo o seu esplendor.

Despois dun pequeno descanso, ensaiaron o Concerto nº1 de Weber. Dende que Juan Ferrer subiu ao escenario transmitiu unha enerxía increíble, e demostrou un gran dominio e control da obra e do instrumento.

Como obra para rematar un espectacular programa, Ferrer elixiu Shalom Aleichem, rov Freidman de Béla Kóvacs. Na miña opinión é unha excelente elección, xa que ten unha gran cantidade de trinos, pasaxes a gran velocidade e moitas cadencias nas que toca só o solista. E así, Ferrer puido amosar que é un gran clarinetista e domina todas as posibilidades que o instrumento ofrece.

Penso que esta excursión foi un gran acerto xa que podemos aprender cousas novas e disfrutar dunha gran orquestra e duns increíbles músicos.

Marta Diéguez Varela



ODÍA QUE ESTIVEN ESPERANDO

Non estou a falar dun día calquera, esta era a primeira vez que podía ver a nosa orquestra Sinfónica de Galicia ensaiando. A maior sorte... dirixida por Jesús López Cobos unha eminencia na dirección no noso país, e a obra a Sinfonía Alpina de Strauss Op.64 (un tratado de instrumentación), e aínda por riba o director dábanos detalles da descripción musical da obra e como fixo o compositor para conseguir facelo, por medio da instrumentación e o ambiente creado con ela, "chegando á cima", "o ocaso", "a paisaxe"... así ata 22 capítulos.

Os mestres parecían moi relaxados tocando, levaban a roupa de calle e as fundas dos seus instrumentos no chan, preto dos pes de cada un deles, facendo as anotacións das ordes do director, sin

a tensión que se respira nun concerto, pero non por isto, menos profesionais, sempre con gran corrección e atentos as indicacións. Logo, un concerto de Clarinete de Weber nº1, segunda parte do que estaban a preparar, onde o director baixou a escoitar a música como un mero espectador, como unha forma elegante de ignorar o irreverente solista que estaba a dirixir a orquestra á par do director.

Máis tarde houbo un descanso para tomar un refrixerio e logo interpretaron o concerto de arriba a abaixo. Un verdadeiro pracer, formar parte de ese afortunado público, e de escoitar a esta magnífica orquestra, nun ensaio que foi máis un concerto, ou ao menos iso foi o que sentín, o día que levaba moito tempo esperando.

Rafa Pereira

TÓCAA OUTRA VEZ XAN

O pasado xoves 6 de abril tivo lugar no Auditorio de Ferrol, a sexta edición do concurso de bandas sonoras “Tócaa outra vez Xan” organizado polo ANPA do conservatorio. Foi unha maravillosa tarde de música e cine, cun total de 26 Bandas sonoras participantes, interpretadas por alumnos de GE e GP, de forma individual e colectiva.

No descanso tivemos o pracer de contar con Asotrame, Asociación galega de transplantados de médula ósea, que nos informaron e sensibilizaron

sobre a importancia da doazón de médula ósea. Esta asociación sen ánimo de lucro, colabora con proxectos de investigación do cancro hematolóxico e da soporte emocional a doentes e familiares que conviven coa enfermidade.

Grazas ao ANPA por esta aportación solidaria!

Noraboa aos organizadores, aos premiados e a todos os participantes!





Participei no Concurso de Bandas Sonoras organizado pola ANPA do Xan Viaño. Foi a miña primeira vez, tocando na arpa a peza “La Sirenita”. Paseino moi ben porque me gustou subir ao escenario e compartir ese día coas miñas compañeiras e compañeiros do conservatorio. Gañei o segundo premio de Grao Elemental. Os premios foron estupendos. Teño que dicir que as miñas compañeiras e compañeiros o fixeron moi ben. Tamén quero agradecer todo o traballo e esforzo a ANPA do Xan Viaño.

Xiana Ruiz

A mira experiencia foi moi bonita aínda que estaba un pouco nerviosa. Disfrutei moito vendo as actuacións de todos os rapaces e rapazas.

Ánimo a outros alumnos a participar o ano que ven.

Natalia Fernández

Todos traballamos moito incluídos os membros do ANPA. A min axudoume un montón a miña profesora de arpa M^a José.



PREMIADOS

XAN VIAÑO

IX CONCURSO DE PIANO

“SOCIEDAD ARTÍSTICA FERROLANA”

O IX Concurso de Piano “Sociedade Artística Ferrolana” celebrouse os días 21 e 22 de abril no Auditorio de Afundación Abanca en Ferrol, e participaron un total de 26 estudantes de piano, procedentes de toda Galicia, entre os cales se atopaban un gran número de alumnado do noso conservatorio.

Os premios por categorías foron os seguintes:

1ª CATEGORÍA (Autonómica):

1º Premio: Noreia Hermida Pérez, 14 anos San Saturnino (Alumna CMUS Xan Viaño Ferrol)

2º Premio: Lucas López López, 16 anos Monforte de Lemos

3º Premio: Yuri Durán Castro, 17 anos A Pobra do Caramiñal

2ª CATEGORÍA:

1º Premio: Beatriz Leonardo Labraña, 13 anos Cedeira (Alumna CMUS Xan Viaño Ferrol)

2º Premio: Pablo Nistal Liñares, 13 anos Mugarodos (Alumno CMUS Xan Viaño Ferrol)

3º Premio: Azael Gómez Vergaz, 13 anos Ferrol (Alumno CMUS Xan Viaño Ferrol)

3ª CATEGORÍA:

1º Premio: Iria Romera Gutiérrez, 11 anos Cabanas

2º Premio: Alex Armán Vilariño, 10 anos Narón (Alumno CMUS Xan Viaño Ferrol)

3º Premio: Ainhoa Sanmiguel Pintor, 11 anos Narón (Alumna CMUS Xan Viaño Ferrol)

Así como as Mencións de Honor na 2ª e 3ª Categoría a Pablo Loureiro Dopico, 14 anos de Ferrol (Alumno CMUS Xan Viaño Ferrol) e Antía Iglesias Fariña, 10 anos Fene (Alumna CMUS Xan Viaño Ferrol).

Ademáis, o Público asistente otorgoulle o Premio do Público “Joven Talento” SAF 2017, á Noreia Hermida Pérez, gañadora tamén do 1º Premio da 1ª Categoría Autonómica.

Noraboa a todos os premiados e participantes!



XIII Edición do Concurso “Xan Viaño” de Creación Musical

Un ano máis vimos de celebrar a capacidade creativa do noso alumnado cunha nova edición deste concurso que cada vez vai collendo máis cariz de certame porque pensamos que isto favorece a participación. Deste xeito todos os participantes son agasallados cun detalle por parte do centro e cun diploma acreditativo. A finalidade desta actividade busca promover o interese dos nosos estudantes polo uso da Linguaxe Musical como lingua universal coa que poder expresarse.

A novidade deste ano foi a inclusión dunha nova sección: Música Tradicional, pola que participaron catro estudantes da especialidade de Gaita Galega coa presentación de seis pezas. Na sección de Estilo Libre houbo dezanove participantes dos cursos 2º, 3º e 4º de Grao Elemental e 1º, 3º, 4º e 6º de profesional que presentaron un total de dezaseis pezas. Así que, en total, contamos con 23 participantes. Unha vez mais observamos traballo colaborativo, pois catro das pezas foron resultado da colaboración entre parellas de participantes.

O xurado estivo composto polas profesoras Lorena Dapena Merlán, pianista acompañante do centro, que xa estivera presente en algunha edición anterior e Sofía Oriana Infante Souto, que foi alumna do “Xan Viaño” e é titulada superior en Composición Xeral e Audiovisual. Elas decidiron o reparto

de premios e as obras que podían ser estreadas no acto das Letras Galegas.

Pola sección de Música Tradicional levou premio a obra: “**Xirifarias**” de Omar Calderón Yáñez

Considerándose aptas para a súa estrea: “**Outro Mundo**”, “**Na Pasarela**” e “**Charamuscas**” de María López Carballo
“**Ao Chou**” de Miguel Carballeira Martínez
“**Muiñeira de fin de inverno para Cedeira**” de Alexandre Labraña Areda

Pola sección de Estilo Libre os premios repartíronse do seguinte xeito:

No curso 2ºGE foi premiada a obra “**Nieve**” de Paula Espiñeira Penedo.

No curso 3ºGE compartiron o premio as obras: “**Danza Campestre**” de Carla Suárez Cuervo e Lucía Pena González.

“**La Cueva de los Nómadas**” de Daniel Grande Fernández.

Ademáis foron consideradas aptas para a súa estrea: “**El Nacimiento de la Música**” de Daniel Soto Montes de Oca

“**La Despedida**” de Carmen García Herva
“**Vivencias**” de Xes Pereira López

Xirifarias

♩ = 116 aprox.

Gaita Galega

6

12

18

24

No curso 4ºGE o premio quedou deserto, mais o xurado considerou apta para ser estreada:
“**Trotamundo**” de David Monzón Rodríguez

No curso 1ºGP o premio quedou deserto, mais o xurado considerou aptas para ser estreadas:
“**Destellos**” de Daniel Grande Fernández
“**Nostalgia**” de Icíá Gómez Castro e Bruno Suárez Cuervo

No curso 3ºGP foi premiada a obra “**Outovalse**” de Hugo Paz Prieto

Ademáis foi considerada apta para a súa estrea:
“**Desorde**” de Marta Fernández Feijoo

No curso 4ºGP foi premiada a obra “**Experimental Melody**” de Martín Otero Ferreira e Pablo Teijeiro Galdo.

No curso 6ºGP o premio quedou deserto.
Outorgouse unha Mención Especial do Xurado á obra “**Luscofusco**” de Roberto Losada García.
O xurado considerou apta para ser estreada a obra “**Outono**” de Marta Diéguez Varela.

Esta edición amosou o xeito en que as novas tecnoloxías aportan ferramentas que permiten aos alumnos presentar pezas cunha amplísima instru-

mentación, como as pezas “**Inspirations**” de Daniel García Cal e “**Luscofusco**” de Roberto Losada. O xurado admirou o traballo feito e valorou positivamente o tempo de dedicación que estas pezas precisan para a súa composición.

Mais, por outra banda, tal como consta nas bases do concurso, desde o departamento de Composición considérase indispensable a presentación de pezas que podan ser estreadas cos medios do centro. Outro aspecto que o xurado avaliou, nos cursos nos que se pedía achega de audio, foi a fidelidade coa que a partitura representaba a música presentada. Os premios foron outorgados as pezas que o xurado considerou destacadas dentro de cada nivel, pero todos os participantes, recibiran premio ou non, deben sentirse moi orgullosos, pois atopar nas súas cheas axendas un pequeno espazo para deixar voar a imaxinación musical xa é un logro enorme.

Desde o Departamento de Composición queremos agradecer a colaboración aos profesores e profesoras do centro que axudaron aos seus alumnos e alumnas a participar. E, por suposto, tamén agradecer o esforzo, entusiasmo e dedicación a todos os concursantes. Animámosvos a participar na vindeira edición.



QUE FOI DE...?

CRISTINA OTERO

VURA MUSIC PROJECT



Meu nome é Cristina Otero Correa, teño vinte e cinco anos e son de Ferrol. O ano pasado rematei os meus estudos de título superior de interpretación na especialidades de clarinete, no Conservatorio Superior de Música de A Coruña, e foi no Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño de Ferrol onde estudei a miña formación previa.

Actualmente estou a traballar nun proxecto de música no norte de Uganda, Vura Music Project, onde son profesora de clarinete na escola Lajopi Music School. O obxectivo principal desta escola non é de carácter tecnicomusical, a nosa premisa é que a través da música, e todo o que abarca, traballamos certos valores como núcleo do noso proxecto. Cooperación, participación, integración, confianza, responsabilidade, son as bases que rexen o día a día das clases nesta escola.

Hai dous anos que o proxecto abriu as súas portas, na afastada localidade de Moyo, grazas ó seu director Aritz Azparren, quen daquela decidiu levar a cabo unha pilotaxe na que se avaliaría se a proposta correspondería co que os destinatarios do lugar solicitaran previamente.

A escola Vura Music ten dúas sedes, Moyo e Adjumani. Cada unha delas está orientada a diferentes familias de instrumentos. En Moyo, os nenos e as nenas estudan trompeta, trombón, bombardino e frauta; pola outra parte, en Adjumani hai frauta, clarinete e saxofón; ademais, nos dous centros damos clases de linguaxe, coro e conxunto ou banda. As clases están dispostas en parellas mixtas e de diferentes idades, coa intención de que poidan axudarse mutuamente e se coñezan, xa que foron convocados de diferentes colexios da zona intencionadamente.

Dende o comezo non puxeron ningún tipo de impedimento para que o proceso de aprendizaxe cumprira ben o seu curso. Para conseguir material para a escola Vura, o proxecto lanza campañas de recollida de materiais, dende instrumentos, atriles de pé, boquillas, cañas (aínda que señan usadas...), abrazadeiras... Toda aportación é ben recibida, e necesaria, xa que dependendo do material que teñamos, poderemos recibir a máis cantidade de nenos no novo curso.

O sistema educativo é bastante precario, polo que nunha clase podemos atopar a máis de cen nenos e nenas, o que é un claro símbolo do significado da educación no país. Un sistema no que todas as familias non poden asumir os gastos escolares, polo que moitas veces os cativos e as cativas non poden rematar nin os seus estudos primarios. Ademais disto, tampouco as propias familias son conscientes do importante que é a educación, polo que ás veces os nenos e as nenas teñen que enfrentarse a outras dificultades extra como ó rexeitamento de ir á escola por parte dos seus pais e nais.

Dentro dunhas semanas volvo a marchar seis meses para Adjumani, e non é fácil atopar os medios e as axudas para poder abrir as portas da escola. Vura Music é importante a nivel individual, porque tiveron a sorte de coñecer a sinxeleza que fai ó home e á muller seres humanos: todo é recibir, compartir e respetar a cada un dos membros que formamos a comunidade, seña quen seña. A nosa proposta trátase de participar con todos eles, ofrecéndolles os nosos coñecementos como ferramentas para que poidan empregalas nun futuro próximo, e teñan oportunidades de expresarse e de aumentar a súa linguaxe, capacidade...



Dende España estamos a facer diferentes campañas, ademais das de recollida de materiais, elaboramos a campaña de sensibilización nos colexios, 'Proxecto Educativo Vura'. Nesta actividade, os voluntarios comparten, cos nenos e nenas dos centros educativos interesados, as súas vivencias como profesores de Vura Music.

Estas actividades están a ter moi boa acollida por parte dos centros, xa que polo que eu puiden ver, todos os nenos e as nenas dos centros de Galicia teñen unha curiosidade e un respecto innato por xente que a penas ouviron falar deles, pero sen embargo teñen unha ansia moi grande por poder coñecelos.

Vura Music Project é unha iniciativa dunha pequena ONG de Navarra, Solidarios con Arua – Arua Elkartasuna, que trata de desenvolver unha relación de irmandade coa xente do norte de Uganda, facéndose eco dos proxectos que eles mesmos estiman e procurando poñer os medios para procuralos.

Todos os seus membros somos voluntarios, polo que os fondos, aportados polos socios ou polas institucións públicas ou privadas, diríxense integramente ó desenvolvemento destes proxectos.

Quixera animar a todo o mundo a asociarse xa que, para moitos de nós, é o único xeito de colaborar con estas actividades. Para quen esté interesado en participar neste proxecto, só ten que contactar directamente con nos a través do mail dirección@vuramusic.org.

Ademáis, se alguén quere seguir o noso traballo, pode facelo nos seguintes espazos:

www.vuramusicproject.wordpress.com
www.facebook.com/vuramusicproject



Cristina Otero

ENTREVISTAMOS A MARTA ALONSO

A MIÑA EXPERIENCIA EN TMM

Algúns que esteades lendo isto vos preguntaredes que é iso de TMM, aínda que imaxino que a maioría xa sabedes a que me refiro.

TMM, ou Taller de Música Moderna, é una materia optativa para os alumnos que estén cursando sexto de grado profesional. Trátase dunha materia que rompe cos esquemas típicos do conservatorio, xa que non se interpretan obras clásicas nin habituais nos nosos instrumentos principais. En TMM son os alumnos quen elixen o repertorio que queren interpretar, xa sea cantando, cos seus instrumentos, ou tocando outros aos que non están habituados.

Esta asignatura acada este ano a súa oitava edición, impartidas todas elas polo profesor José Crisanto Gándara Eiroa, quen creou a materia no ano 2009. Tras elevar a proposta á Consellería de Educación, e vir aprobada meses máis tarde, púxose en marcha no curso 2009-2010.

Este curso somos 8 os integrantes do grupo: o Master Rafa Pereira, que aínda que o seu instrumento principal é o contrabaixo, anímase coa batería, un veterano da música; Diego Díaz, un gran guitarrista e gran apoio para TMM, xa que grazas á súa experiencia noutros grupos de música rock e noutros xéneros, axuda aos que nos iniciamos neste tipo de repertorio; a gran esperanza branca, Rita Fernández, unha estupenda trombonista e moi solicitada, que chegará ao máis alto co seu instrumento á espalda; nas “high pitched voices”, ou voces agudas, temos a unha maravillosa arpista, Vane Domínguez, e á pianista e benxamina do grupo, Ana Xia-

ning Pereira, ambas animadas a ser solistas; nas “low pitched voices”, ou voces graves, estamos a pianista dos rizos de ouro, Patricia Fantova, e unha servidora, Marta Alonso, tamén pianista ou como di Crisanto, “la diva”, que tamén nos animamos a ser solistas; e para rematar cos meus compañeiros, por último pero non menos importante, Sara Permy, alumna de Canto, que a pesar do seu tamaño, ten un talento mol grande.

Dando a miña máis sincera opinión, creo que é unha experiencia que recomendo a todos, pois non só perdes medo á hora de subirte a un escenario, se non que aprendes a interpretar de maneiras distintas. É unha experiencia única.

Tamén diréi que nas clases pódese observar, na maioría dos casos, un ambiente de “bo rollismo”, pero que momentos antes dun concerto desaparece para chegar a situacións de estrés e de nervios nas que, sin querer, chegamos a ter malas caras hacia os nosos compañeiros.

Dende o meu punto de vista, grazas a TMM establece vínculos que non te imaxinabas que poideses chegar a conseguir, e coñeces aos teus compañeiros máis que da relación que poideras obter noutras asignaturas. TMM é unha materia e á vez se forma, cos nosos máis e os nosos menos, unha pequena familia dentro do que é a gran familia do CMUS Xan Viaño.

E sobre todo grazas a Crisanto, pola súa paciencia e por ensinarnos tanto sobre música, e compartir con él esos momentos que son os concertos: unha experiencia inolvidable.





**VANESSA
DOMÍNGUEZ**

ENTREVISTAMOS A VANESSA DOMÍNGUEZ VÁZQUEZ

10 ANOS DE MÚSICA

Aínda que somos novos, e temos moita vida por diante, as veces non somos conscientes do paso do tempo, e sen embargo hoxe miramos atrás, e xa levamos 10 anos no conservatorio.

Parece que foi onte cando, por primeira vez, chegábase ó conservatorio cheos de ilusión e aínda sen saber todo o que nos viña encima.

Moitos pensan, por erro, que a música é soamente pasalo ben e tocar a música que che gusta, pero non é así. O camiño do músico é difícil, todos nalgún momento sufrimos baixóns ou falta de motivación, ou simplemente custounos máis unha materia. Ademais, supón moitas horas de traballo e dedicación tanto no centro como fóra del.

Agora miro cara o pasado, e penso en todas as persoas que coñecín nestes 10 anos, e parece mentira que persoas tan diferentes podan levarse tan ben e compartir algo tan bonito como é a música, e é certo que moitos quedaron atrás, pero nunca imos esquecerlos.

Seguro que todos recordamos os primeiros anos con linguaxe musical, para min foron uns dos primeiros anos e nos que rematei totalmente namorada da música, non podo esquecer os bos momentos, e tampouco o mal que se me daban os ditados, ou os grandes amigos que fixen e aínda hoxe seguen o meu lado.

Tampouco os nervios que seguro pasamos todos na proba de acceso ó grao profesional, os simulacros e a constante tensión durante todo o curso a pesar de ter apenas 11 anos.

Os seguintes anos era todo novo, a pesar de que os dous primeiros anos tiñamos aínda linguaxe musical, algúns nos enfrontabamos por primeira vez a banda ou orquestra, e nós que pensabamos que xa seríamos os maiores, xa estabamos en grao profesional, pasamos de ser os maiores de grao elemental a ser os pequenos e os ananos de grao profesional.

A partir de terceiro, tivemos análise e novas tecnoloxías, e foi un ano que, polo menos para min, foi a mellor, no meu ano recordo a perfección os

cortos que gravamos con Sergio Pena e o primeiro contacto coa análise de Ermitas.

Máis tarde, historia da música con Crisanto, e o raras que nos parecían as súas clases pero o moitísimo que aprendíamos.

Este e o meu último ano e cando recordo todos estes momentos non podo evitar poñerme melancólica. Levo neste centro máis da metade da miña vida, moitos dos meus profesores como a miña titora, víronme crecer, avanzar e madurar musical e persoalmente, e en parte son como son grazas a eles. Non podo evitar pensar que ó deixar o conservatorio deixo unha parte de min e ademais, un fogar.

Deste ano, gardo recordos inesquecibles, como a viaxe a Londres cos meus amigos e compañeiros de musicoloxía, Sara Permy, Roberto Losada e Ana Fernández, e o noso profesor Crisanto Gándara, que estivo alí para nós en todo o que precisabamos e ó que lle debemos moito.

Os concertos con TMM e os ensaios nos que o pasamos xenial e sempre saímos adiante pase o que pase.

E obviamente, levo recordos de todos os meus profesores, tanto dos que seguen aquí como dos que xa non, e sempre terán un lugar no meu corazón, pero non podo deixar de destacar a miña titora María José. Ela, durante estes anos foi no só unha profesora marabillosa, senón tamén unha amiga que estivo alí para min nos bos e nos malos momentos, me coñece mellor que moita xente e a admiro moitísimo persoal e profesionalmente, pois tantos os seus valores morais como os seus sacrificios pola música, son dignos de admiración. Sabe que nunca na miña vida vou esquecerla e quero darlle as grazas por todos estes 10 anos únicos.

Quero agradecer tamén a ANPA por todo o apoio que nos deu a tódolos alumnos estes anos e polo seu esforzo.

Moitas grazas por estes 10 anos inesquecibles e cheos de recordos e, como non podía ser doutra forma, cheos de música.

Vanessa Domínguez Vázquez. 6ºGP Arpa

**RAFA
PEREIRA**



ENTREVISTAMOS A

RAFA PEREIRA

Rafa Pereira é o alumno máis veterano que cursa na actualidade estudos no CMUS Xan Viaño. Membro do conocido grupo “Los Limones” entre 1987 e 1994, gradúase este ano na especialidade de contrabaixo.

Rafa, cando te iniciaches no mundo da música?

Inicieime de pequeno, cantando, porque na miña casa facíanse reunións onde se tocaba a guitarra e todo o mundo cantaba. De feito, a miña nai era Tiple-cómica e tiña unha voz maravillosa, cantaba moi ben.... De cando en vez, eu tocaba a guitarra da miña irmá, pero nunca tocaba o instrumento de xeito rasgueado. Sempre elixía tocar únicamente os baixos das pezas, especialmente das Habaneras que se cantaban en casa. Foi aos quince anos cando empecei a interesarme mais pola música que por xogar o fútbol ou andar en bici. Uns compañeiros de colexio necesitaban alguén para cantar no seu grupo e animeime a facelo, precisamente co tema “Let it be” dos Beatles, e ademáis tamén empecei a tocar a tocar a guitarra.

Cómo foi formar parte do grupo “Los Limones”?

Daquela eu estaba facendo Jazz con Antonio Peña, profesor de Harmonía e Análise no Conservatorio Superior de A Coruña, con Manolo Gutiérrez e Jose Ares. Formabamos un cuarteto, mais o grupo defíxose porque o jazz non tiña moita saída. Entón Pepe Ramos chamoume para que me incorporara a “Los Limones” xa que quedaran sen baixista e me precisaban para que tocase con eles os temas do disco que xa tiñan publicado

Á marxe da túa etapa en “Los Limones”...., participaches profesionalmente nalguna outra agrupación musical?

Antes de “Los Limones” estiven dous anos ca orquestra “Los Satélites” e tamén un tempo co meu grupo “Tandem” co que participei no Festival de Jazz de Getxo.

Nalgún momento daqueles tempos..., realizaches estudos reglados de conservatorio?



Estudiei Solfeo e un curso Preparatorio de Contrabaixo mais, como non tiña un contrabaixo para poder estudar, tiven que deixalo.

Rafa, por qué tomaches a decisión de retomar os teus estudos musicais despois de tantos anos?

Por dúas razóns. A primeira porque me gustaría volver a traballar como músico, e a segunda porque tiven un infarto e daquela pensei que xa que tiña una segunda oportunidade tiña que aproveitala.

Por que elegiches o contrabaixo?

Porque é un instrumento perfecto que para mín o ten todo, e ademáis permíteme expresarme.

Como foron para ti estes anos de estudio no CMUS?

Moi duros, moi sacrificados. De non sair ningún fin de semana e ter que ver como a túa familia sae de paseo pero ti tes que quedar en casa a estudar. A sorte que teño é que o meu horario de traballo me permite ter toda a tarde libre para compaxinar o traballo, a familia e os estudos.

Tendo en conta que tes una longa traxectoria como músico profesional..., poderíasnos contar que é o que te aportaron os teus estudos no conservatorio?

Primero a satisfacción de facer algo grande. Tamén poder ler partituras e tocar con arco. E, por suposto, tocar con orquestra que é una verdadeira maravilla!

Que asignaturas se che fixeron máis duras e viceversa?

Pois a verdade que, aunque Crisanto é meu amigo e o adoro, Historia non me gusta moito e Interpretación tamén é una asignatura que se me fai durilla. Pero é porque non teño moito tempo para adicarlles a estas materias e o pouco que teño o reservo para o instrumento. Harmonía, Análisis e Piano Complementario encántame pero tampouco teño moito tempo para adicarlles. Una mágoa, porque me encantaría poder facelo.

A túa filla Ana remata tamén este ano os estudos profesionais de piano, cóntanos como foi compartir aula e materias con ela.

Ana é unha máquina, a nota máis baixa que sacou no conser foi un 7,5 e o resto foron 9 e 8, mais eu non podo seguir o seu ritmo.

Algunhas pautas para compaxinar a túa vida familiar e laboral cos estudos?

Dormir pouco e ter moita forza de vontade para estudar, estudar e estudar. Hai que pensar que os músculos non van como cando se es xoven... e a retentiva tampouco!

Cóntanos algunha anécdota ou lembranza especial que te levarás do CMUS.


Lévome a lembranza de toda a xente que coñecín no conservatorio, os compañeiros, os profesores... Pensa que ao principio para mín foi moi duro, sentíame moi só porque daquela tiña que estar na clase con nenos de 12 e 13 anos e eu era "o señor" na clase, os rapaces pensaban "que fai este aquí?". Mira como foi a cousa que o primeiro día os nenos pensaron que eu era o profesor...Pero agora xa son un máis da clase, un alumno coma eles. Tamén quedame a lembranza dos profes, que sodes todos supercompetentes e os conserxes que son encantadores, unha maravilla.

Para rematar esta entrevista, e agora que faltan poucos meses para graduarte..., pensantes xa nalgún proxecto novo?

Non sei se seguir os estudos. Foro seis anos durísimos e por una banda teño ganas de terminar e non ter a presión de ter que estudar, pero por outra banda se se dan as condicións adecuadas para poder seguir, igual fago a proba de acceso ao Conservatorio Superior.

Moitas grazas por concedernos esta entrevista, desexámoste moitos ánimos e forza se finalmente fas a proba para o Superior, e motos éxitos de cara o teu futuro.

Loreto Pérez Sánchez. Dinamización da Convivencia e Prof. de piano.



Bibliotecas
escolares
de Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

